

NORMAS DE UTILIZACIÓN E ENVÍO DE OBSERVACIONES

A propiedade das citas publicadas no XI Anuario das Aves de Galicia 2003 corresponde aos respectivos observadores, os que deben ser citados como autores e autoras das mesmas en calquera referencia que se faga delas, segundo os seguintes exemplos:

Obra completa: Salaverri, L. J. e Taboada, J. (coord.) (2007). *XI Anuario das Aves de Galicia 2003*. Sociedade Galega de Ornitoloxía. Santiago de Compostela.

Especies concretas: Álvarez, L. (2007). *Hirundo rustica*. En L. J. Salaverri e J. Taboada (coord.): *XI Anuario das Aves de Galicia 2003*. Sociedade Galega de Ornitoloxía. Santiago de Compostela.

Para facilitar o labor dos coordinadores do Anuario das Aves de Galicia (AAG) é fundamental cumprir coas seguintes normas. Isto contribuirá a diminuír o traballo e o tempo dedicado á elaboración do AAG e a adiantar a súa publicación.

1) Hai uns criterios para a selección das observacións. É moi importante seguir estes criterios de interese facilitando o traballo de selección dos coordinadores.

2) O listado de especies debe seguir a **orde sistemática seguida no anterior anuario**.

3) A redacción das observacións debe seguir un **formato xa establecido**. Especialmente importante é **sinalar sempre o concello** onde se realizou a observación.

4) Con respecto ós nomes dos observadores hai que recordar mandar os nomes correspondentes ás **abreviaturas** e tamén mandar, a ser posible, os **nomes e apelidos completos** dos observadores para evitar que unha mesma persoa apareza con diferentes abreviaturas.

5) As observacións mandaranse a ser posible **en galego**, pois é o idioma en que se publican e así afórrase ós coordinadores o traballo da tradución.

6) Hai dúas formas de envío das observacións para o AAG:

a) Os datos para o anuario pódense enviar **nun único arquivo de texto** a anuario @ sgosgo.org. No caso de que non se dispoña de correo electrónico farase ao apartado de correos da SGO:

Anuario das Aves de Galicia
Sociedade Galega de Ornitoloxía
Apartado de correos 581
15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A Coruña)

Neste caso ademais dunha copia en papel deberá incluírse un disquete coas observacións en formato electrónico. Non se admitirán os envíos que non veñan achegados desta forma.

b) A outra forma é utilizar a folla Excel habilitada para o envío de observacións que está colgada na web da SGO e que se pode baixar en <http://www.sgosgo.org/archivos/envionoticiario.xls>. Poñendo o cursor encima de cada campo aparecerán unhas sinxelas instrucións de como introducir os datos en cada campo.

7) É necesario mandar un **endereço e teléfono de contacto ou mellor endereço de correo electrónico** para posibles consultas cos autores das observacións.

8) As observacións mandaranse sempre **antes do 30 de abril do ano seguinte** ao que corresponden as observacións. Dado que agora existe un endereço postal e electrónico para o envío das observacións non é necesario como antigamente esperar a que saia o Anuario para saber o endereço dos coordinadores do seguinte polo que non hai razón para demorar o envío das observacións.

Dunha forma ampla, os datos de interese para o anuario son:

- a) Concentracións importantes/cifras de interese.
- b) Censos de reprodutores.
- c) Datos de fenoloxía da migración.
- d) Localidades de interese.
- e) Datos de reprodución.
- f) Rexistro estivais ou en época de cría (para especies comúns invernantes).

- g) Rexistros invernais (para especies comúns estivais).
- h) Comportamentos de interese.
- i) Rexistros interesantes de plumaxe, muda e de individuos anormais ou infrecuentes.
- k) Datos de estrutura da poboación.

Para maior detalle pódese consultar: Souza, J. A.; Sandoval, A. & Salaverri, L. J. 2005. *Criterios específicos para o envío de observacións ao Anuario das Aves de Galicia (AAG). Revisión 2005*, dispoñible online en: <http://www.sgosgo.org/archivos/criteriosaag.pdf>.

O **formato** para as observacións deberá ser o máis parecido ao empregado no Anuario, algo similar a este:

Regulus regulus

15.02.93 2 ex. no Monte Darca, Mondoñedo (LU); LSL.

Débense incluír necesariamente os datos e abreviaturas seguintes:

- Nome científico da especie.
- Data separada por puntos: 15.02.93
- Número de aves e abreviatura (ex.: exemplar/es, M.: macho/s, F.: femia/s, P.: parella/s, inmt.: inmaturo/s, ad.: adulto/s, xuv.: xuvenil/xuvenís, etc.)
- Localidade de observación e concello, Monte Darca, Mondoñedo. (En localidades de gran extensión ou unidade xeográfica pódese omitir-lo concello; p. ex., Ría de Foz.)
- Provincia ou país en abreviatura e maiúsculas entre paréntese: (CO), (LU), (OU), (PO), Asturias (AS), León (LE), Zamora (ZA), Portugal (PORT).
- Abreviatura dos nomes dos observadores, máximo tres caracteres: LSL, Luis José Salaverri Leiras.